

BASES DA CONVOCATORIA PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL, MEDIANTE CONTRATO FORMATIVO PARA A OBTENCIÓN DA PRÁCTICA PROFESIONAL, AO ABEIRO DO PROXECTO "PRIMEIRA EXPERIENCIA PROFESIONAL" NOS CONCELLOS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA 2022/2023 NO MARCO DO PLAN DE FOMENTO DA EMPREGABILIDADE (BOPPO nº 74 do 19 de abril de 2022).

1.- OBXECTO DA CONVOCATORIA

É obxecto desta convocatoria a contratación laboral temporal, mediante contrato formativo para a obtención da práctica profesional, dunha persoa titulada en formación profesional de ciclo superior, co fin de poder adquirir a práctica profesional adecuada ao nivel de estudos cursados e así facilitarlle a súa inserción no mercado laboral, en base ao acordo da Xunta de Goberno da Deputación Provincial, na súa sesión do 27 de maio de 2022, de OUTORGAMENTO DA CONDICIÓ DE ENTIDADES COLABORADORAS DO PROXECTO "PRIMEIRA EXPERIENCIA PROFESIONAL" NOS CONCELLOS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA 2022/2023 NO MARCO DO PLAN DE FOMENTO DA EMPREGABILIDADE (Expte. 2022014749) (BOPPO nº 102 do 30 de maio de 2022).

2.- CARACTERÍSTICAS DO POSTO DE TRABAJO

A praza convocada ofértase nas seguintes condicións:

Titulación:	CICLO SUPERIOR EN ADMINISTRACIÓN E FINANZAS
Nº traballadores:	1
Modalidade contractual:	Contrato formativo para a obtención da práctica profesional
Duración do contrato:	12 meses
Xornada:	Completa (37,5 horas/semana)
Custos salariais brutos:	1.341,63 €/mes
Custos Seg. Social:	421,27 €/mes

3.- REQUISITOS DAS PERSOAS ASPIRANTES

As persoas aspirantes, para tomaren parte no proceso selectivo, deberán reunir os seguintes requisitos:

1. Ter nacionalidade española ou dalgún país membro da UE.
2. Non padecer enfermidade nin estar afectada por limitación física ou psíquica que impida ou sexa incompatible coa realización das correspondentes funcións.
3. Non atoparse incurso en causas de incapacidade ou incompatibilidade para contratar co Concello.
4. Non estar separada, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera Administración Pública, nin atoparse inhabilitada para o exercizo de funcións públicas.
5. Figurar inscrita no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandante de emprego desempregada ou con tarxeta de mellora de emprego e que cumpra os seguintes requisitos:
 - ✓ Estar en posesión da titulación de CICLO SUPERIOR EN ADMINISTRACIÓN E FINANZAS, de acordo coas leis reguladoras do sistema educativo vixente, que habiliten para o exercizo profesional.
 - ✓ Estar empadroada nalgún dos concellos da provincia de Pontevedra con anterioridade á data de publicación da propia convocatoria no BOPPO.
 - ✓ Que no momento da contratación non transcorresen máis de tres anos, ou máis de cinco cando o contrato se realice cunha persoa con discapacidade, desde a terminación dos correspondentes estudos.
 - ✓ Que non obtivera experiencia profesional ou realizado actividade formativa na mesma actividade dentro da entidade por un tempo superior a tres meses, sen que se computen a estes efectos os períodos de formación ou prácticas que formen parte do currículo esixido para a obtención da titulación que habilita esta contratación.
 - ✓ Que non estea contratada ou contratado en prácticas no momento da selección nalgún dos programas que contemplan contratos en prácticas ou formativos da Deputación de pontevedra.
 - ✓ Non haber estado contratada na mesma ou distinta entidade en virtude da mesma titulación.



Tampouco na mesma entidade para o mesmo ou distinto posto aínda que se trate de titulacións distintas.

6. Ter sido preseleccionado polo Servizo Público de Emprego de Galicia.

4.- PUBLICIDADE DA CONVOCATORIA E DAS BASES

Procederáse á publicación da convocatoria e das bases do procedemento selectivo no Taboleiro de anuncios da Sede electrónica do Concello e na páxina web municipal: www.meis.gal.

Todas as resolucións, novas e anuncios do procedemento selectivo serán publicadas no Taboleiro de anuncios da Sede Electrónica do Concello e na páxina web municipal referenciada.

5.- PROCEDEMENTO DE ADMISIÓN DE PERSOAS ASPIRANTES

O Servizo Público de Emprego de Galicia será o encargado de remitir aos/ás posibles candidatos/as que reúnan as condicións da convocatoria.

Unha vez presentada a oferta de emprego, o Servizo Público de Emprego de Galicia levará a cabo unha preselección das persoas candidatas segundo a titulación do posto de traballo que se vai ocupar a razón dun máximo de 5 por posto, que lle remitirá ao concello para seleccionar a persoa beneficiaria desta contratación e establecer unha lista de suplencias.

Os/as candidatos/as preseleccionados/as polo Servizo Público de Emprego que desexen participar nos procesos selectivos deberán presentarse no Concello de Meis na data e hora que lles indique o Servizo Público de Emprego de Galicia. Con anterioridade a esta data deberán presentar solicitude mediante instancia dirixida á Alcaldía á que deberán acompañar:

- ✓ Fotocopia compulsada do DNI ou, no seu caso, do pasaporte ou de calquera outro documento acreditativo da nacionalidade.
- ✓ Fotocopia compulsada da titulación académica requirida.
- ✓ Orixinais ou copias compulsadas dos méritos que aporta para a súa valoración na fase de concurso.
- ✓ Informe de vida laboral actualizado.

6.- PROCESO SELECTIVO

O proceso de selección levarase a cabo segundo os seguintes criterios que marca a propia Deputación de Pontevedra no ANEXO III das BASES DO PROXECTO "PRIMEIRA EXPERIENCIA PROFESIONAL" NOS CONCELLOS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA 2022/2023 NO MARCO DO PLAN DE FOMENTO DA EMPREGABILIDADE:

a) Expediente académico: ata un máximo de 4,00 puntos, segundo a nota media calculada para as titulacións universitarias polo Real decreto 1125/2003, de 5 de setembro, e para os ciclos de formación profesional polo Real decreto 1147/2011, de 29 de xullo. No caso de que a media dalgunha das titulacións convocadas non fose calculada polas normas referidas ou esta non se especifique valorarase con 0,00 puntos.

b) Por ter un doutoramento relacionado co contido do posto: 2,00 puntos.

c) Por cada título oficial de máster universitario ou título propio da universidade de máster relacionado co contido do posto: 0,50 puntos cada un, ata un máximo de 1 punto.

d) Por posuír unha titulación académica oficial distinta e relacionada co posto de traballo que se vai desempeñar, de nivel igual ou superior á esixida para a formalización do contrato formativo: 0,50 puntos por título, ata un máximo de 1 punto (neste apartado non se terán en conta as titulacións de nivel inferior que sexan necesarias para a obtención doutras de nivel superior nin as de máster ou doutoramento).



e) Por asistir a cursos de especialización, formación e perfeccionamento organizados por centros oficiais dependentes da Administración do Estado, da comunidade autónoma ou da Administración local, universidades, colexios oficiais ou escolas da Administración pública directamente relacionados co posto que se vai desempeñar (incluídos os organizados por sindicatos no marco do Acordo nacional de formación continua): ata un máximo de 2 puntos, que se computarán do seguinte xeito:

- De máis de 150 horas duración: 0,30 puntos por curso
- De entre 100 e 150 horas de duración: 0,25 puntos por curso
- De entre 60 e 99 horas de duración: 0,20 puntos por curso
- De entre 30 e 59 horas de duración: 0,15 puntos por curso
- De entre 10 e 29 horas de duración: 0,10 puntos por curso
- Por acreditar o nivel de coñecemento da lingua galega co Celga 3 nos postos de ciclo superior ou medio ou 4 nos de licenciatura, grao ou diplomatura: 0,50 puntos

Non se terán en conta os certificados ou diplomas nos que non se especifique a duración do curso en número de horas ou créditos.

Tampouco se computarán as xornadas, congresos, seminarios ou cursos de duración inferior a dez horas.

O tribunal cualificador poderá requirirles ás persoas aspirantes que acrediten a verificación dos extremos recollidos na documentación presentada, ademais de cantas precisións estimen oportunas.

As persoas candidatas que accedan con titulacións de Licenciatura, Arquitectura ou Enxeñería (títulos pre-Boloña) que teñan un certificado da súa correspondencia co nivel 3 MECES (Marco español de cualificación para a educación superior) terán unha puntuación de 0,50 puntos, equivalente a un máster universitario.

7.- TRIBUNAL DE SELECCIÓN

O Tribunal que xulgará as probas de que conste o concurso estará constituído do seguinte xeito, todos eles con voz e voto:

PRESIDENTE/A: M^a del Carmen Merino Moína, Secretaria-Interventora municipal.

SECRETARIO/A: M^a del Carmen Carracelas Rosales, Secretaria-Interventora adxunta municipal.

VOGAIS: José Manuel Blanco Sanmartín, administrativo municipal

M^a Pastora Doce Arcos, aux. administrativa municipal.

Ramón Fariña Barral, aux. administrativo municipal.

SUPLENTES: M^a del Carmen Rey Romero, AEDL municipal.

Fco. Javier Martínez Sánchez, administrativo municipal.

Os membros do Tribunal deberán posuír titulación ou especialización igual ou superior á esixida para o acceso á praza convocada.

O Tribunal non se poderá constituír sen a asistencia, polo menos do/a presidente/a, do/a secretario/a e dun/ha vogal, ou persoas nas que deleguen.

Abstención ou recusación.- Os membros do Tribunal deberán absterse de formar parte do mesmo e de intervir cando concorran as circunstancias previstas no artigo 28 da *Lei 30/1992*, e comunicaranllo á autoridade convocante por medio dun escrito en tal sentido. Así mesmo, as persoas aspirantes poderán recusar a calquera membro do Tribunal, de acordo co disposto na mesma lei (Artigo 29).

8.- RESOLUCIÓN DO PROCESO SELECTIVO

A puntuación final será a obtida na valoración dos criterios da convocatoria.

O Tribunal non poderá aprobar nin declarar que superaron as probas un número de aspirantes superior



ó das prazas convocadas.

10.- CRITERIOS DE DESEMPATE

No caso de empate entre as puntuacións das persoas aspirantes a orde de prelación determinarase dándolle preferencia á muller naqueles casos en que se produza unha infrarrepresentación do sexo feminino, nos termos establecidos no artigo 49 do Decreto legislativo 2/2015, de 12 de febreiro, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade. No caso de queo citado precepto non resulte aplicable ou persista o empate tras a súa aplicación, resolverase o empate en función da nota media global do expediente académico e, de persistir este, pola puntuación acadada nos seguintes apartados.

11.- RESOLUCIÓN DO PROCESO SELECTIVO

Rematado o proceso selectivo o Tribunal fará pública a relación de aspirantes por orde de puntuación, e propondrá, para o seu nomeamento soamente a aquel/a aspirante que obtivera a maior puntuación total, elevando a proposta ó/á Presidente/a desta Corporación.

O tribunal non poderá propoñer a máis persoas aspirantes que prazas convocadas. Calquera proposta que contraveña o establecido será nula de pleno dereito.

De acordo co preceptuado no artigo 45.1.b da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, O Concello de Meis realizará a publicación dos datos persoais dos candidatos e das posibles causas de exclusión, no Taboleiro de Anuncios e na Páxina Web do Concello (www.meis.gal), ao ser a publicidade un dos principios legais que debe observarse nos procedementos de selección.

Os datos de carácter persoal que o interesado facilite serán tratados polo Concello de Meis coa finalidade de selección de persoal e provisión de postos de traballo mediante convocatorias públicas. Polo tanto, os seus datos serán tratados para poder tramitar a súa solicitude e resolvela convocatoria na que participa. A lexitimidade do tratamento basease no consentimento do interesado, e no cumprimento de obrigacións legais polo Concello de Meis. Os datos de carácter persoal poden ser comunicados a outras administracións ou rexistros públicos, e publicados no Boletín Oficial da Provincia e na páxina web do Concello. Os datos serán conservados durante o tempo necesario para cumprir con a finalidade para a que se recollen e para determinar as posibles responsabilidades que se puideran derivar de dita finalidade e do tratamento de los datos. Será de aplicación o disposto na normativa de arquivos e patrimonio documental español. Pode exercitar os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión e portabilidade dos seus datos, de limitación e oposición ó seu tratamento, así como a non ser obxecto de decisións baseadas unicamente no tratamento automatizado dos seus datos, cando procedan, ante o Concello de Meis, Avda. Cambados, 67 Mosteiro, 36637 Meis (Pontevedra) ou na dirección de correo electrónico dpo@legalforma.com, así como, no seu caso, reclamar ante a Axencia Española de Protección de Datos.

12.- INCIDENCIAS

O tribunal do proceso selectivo queda facultado para interpretar as bases da convocatoria, así como para resolver cantas dúbidas e incidencias presente a súa aplicación e poderán adoptar os acordos necesarios, procurando en todo caso a boa orde e desenvolvemento do proceso selectivo.

13.- RÉXIME XURÍDICO

En todo o non previsto nestas bases estarase ao disposto no Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público, na Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, no Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, no Real decreto 896/1991, do 7 de xuño, sobre regras básicas e programas mínimos de procedemento de selección dos funcionarios da administración local, no Real decreto 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o regulamento xeral de ingreso do persoal ao servizo da administración xeral do Estado, provisión de postos de traballo e promoción profesional, na Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, no Decreto 95/1991, do 20 de marzo, polo





CONCELLO
DE
MEIS

que se aproba o regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e nas demais disposicións legais aplicables.

14.- DISPOSICIÓN FINAL

As bases da convocatoria e cantos actos administrativos deriven delas e das actuacións do tribunal poderán ser impugnadas nos casos e na forma establecida pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, así como a Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. A Administración local tamén poderá, de ser o caso, revisar as resolucións do tribunal segundo o previsto na citada Lei 39/2015, do 1 de outubro.

Información básica sobre protección de datos:

Responsable del tratamento: Concello de Meis.

Finalidade do tratamento: selección de persoal e provisión de postos de traballo mediante convocatoria pública

O titular pode exercer os dereitos establecidos nos artigos 15 a 22 do Regulamento (UE) 2016/679 (acceso, rectificación, supresión e portabilidade dos seus datos, de limitación e oposición ó seu tratamento, así como a non ser obxecto de decisións baseadas unicamente no tratamento automatizado dos seus datos) ante el Concello de Meis ou na dirección de correo electrónico dpo@legalforma.com

Documento asinado electronicamente.

